

# A historia negra do "Prestige"

O "Prestige" ocasionou a maior catástrofe ambiental sufrida por Galicia e unha das maiores da historia da humanidade, non tanto pola cantidade de hidrocarburos verquidos senón polos enormes efectos ecolóxicos, económicos e sociais que está a producir.



O "Prestige", buque petrolero monacasco de 243,5 m de eslora, construído no Xapón en 1976, de armador grego e abandeirado nas Bahamas, facía a viaxe, cunha carga de fuel pesado, desde Letonia a Singapur .

Adela Leiro  
Mon Daporta

Afecta a unha gran extensión de costa densamente poboada, rica en bancos pesqueiros e marisqueiros e con numerosos espazos naturais.




Foto satélite das primeiras semanas da marea negra do Prestige. Os verquidos afectan ás costas desde Portugal á Bretaña. Só en Galicia 900 km.

É unha marea negra excepcional pola longa duración: varias ondas de fuel viaxando durante meses de norte a sur e de sur a norte e un barco afundido que seguirá vertendo cando non se sabe ata



A viaxe do "Prestige" desde o accidente ata o afundimento.

Afecta a un gran número de persoas de zonas cunha alta dependencia económica do mar.

En Galicia afecta directamente a 18.429 traballadores e traballadoras do mar (3.970 armadores, 8.640 tripulantes, 5.153 mariscadoras, 347 redeiras, 268 empregados das confrarías, 51 comercializadores) e moitos miles de persoas de outros sectores que dependen directa ou indirectamente deles: vendedores, hosteleiros, subministradores, sector turístico, depuradores, conserveiras...



A marea negra do Prestige afecta a case todos os espazos naturais protexidos da costa de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Francia.

En Galicia están afectados: o Parque Nacional das Illas Atlánticas, o Parque Natural de Corrubedo, as Illas Sisargas, a Ría de Ponteceso, as lagoas de Traba e Doñiños, a Enseada do Trece, o Cabo Vilán, as praias e marismas de Carnota e Caldebarcos, a enseada de Lira, as dunas e a praia de Louro...



Afecta ademais a todas as especies residentes e migratorias que viven nesas áreas e obrigou a paralizar as actividades de pesca e marisqueo.



Recolléronse máis de 20.000 aves petroleadas (calculábase que foron afectadas unhas 200.000) e cuduplicouse o número de varamentos de cetáceos.

O Colexio de Economistas de Pontevedra calcula que o custo total da recuperación ambiental e económica pode ascender a 10.000 millóns de euros. O Centro de Investigacións Económicas e Financeiras de Caixa Galicia prevé a perda de 40.000 empregos en diferentes sectores. Ademais Galicia deixará de xerar, nos próximos anos, entre 1.400 e 1.700 millóns de euros.



Os traballadores do mar víronse obrigados a saír a recoller o fuel cos seus propios medios  
Imaxes da prensa galega.

A crise do Prestige provocou unha resposta social masiva, tanto para esixir medios e solucións, como para colaborar nas tarefas de limpeza.



Máis de 200.000 voluntarios e voluntarias de toda Galicia, doutras comunidades españolas e estranxeiros deron un exemplo de solidariedade limpando as nosas costas.



Los alcaldes de las Rías Baixas toman la iniciativa

Alcaldes de las Rías Baixas toman la iniciativa



A falta de medios e a mala xestión da crise do Prestige deu lugar a unha mobilización sen precedentes na sociedade galega.



A Coruña, 9 de febreiro



Madrid, 23 de febreiro